



Maderera Técnica mixta sobre táboa 30 x 60 cm



Panello
Técnica mixta sobre lenzo
73 x 93 cm



Vía 4 Técnica mixta sobre lenzo 46 x 65 cm

SCQ estación Técnica mixta sobre lenzo 54 x 65 cm (Portada)



Mila Vázquez

VESTIXIOS



MILA VÁZQUEZ **VESTIXIOS**

Mila Vázquez presenta esta exposición no Centro Cultural da Deputación de Ourense como unha homenaxe persoal á súa traxectoria artística de máis de 20 anos e faino con esta nova colección que leva por título **Vestixios**, facendo referencia ás pegadas do tempo.

A obra de **Mila Vázquez** enlaza directamente coa herdanza dos impresionistas pola captación da realidade e o fragmentario da súa linguaxe que artistas posteriores como Hopper recolleron imprimíndolle contemporaneidade. As súas paisaxes remítenos inmediatamente ás paisaxes deste artista norteamericano caracterizadas por escenas inmersas no silencio, nun espazo real e metafísico á vez; espazos en soidade nos que non aparece a figura humana pero sempre está presente deixando os seus vestixios, as súas pegadas, na arquitectura ou na paisaxe.

Esta artista observa de forma emotiva a natureza, capturando a luz e a fugacidade do instante e faino representando a realidade

tal como aparece ante a súa mirada, centrándose no ceo, o mar, a paisaxe, en arquitecturas abandonadas ou en estacións de tren, imprimíndolles un carácter poético.

As escenas e imaxes que Mila toma como referencia lémbrennos o “feísmo” de Isidre Nonell. A principios do século pasado este artista e os seus contemporáneos descubren e explotan de forma artística as posibilidades plásticas de escenas e paisaxes cotiás, pinturas de crónica urbana que gardan moitas posibilidades pictóricas a través do xogo de luces e da súa harmonía. Do mesmo modo, **Mila Vázquez** recupera espazos abandonados, fábricas en desuso, arquitecturas nas que as pegadas do tempo son palpables e convérteos en paisaxes cheas de quietude e de melancolía. Nesta última etapa, a protagonista da súa obra é a luz que fai vibrar as cores, remarcando o debuxo a través dunha pincelada rápida e empastada.


Nestes momentos é gratificante para os axentes culturais poder ver como os proxec-



Ence Técnica mixta sobre lenzo 25 x 33 cm



Luz en los baños Técnica mixta sobre táboa
40 x 40 cm



Inconformismo Técnica mixta sobre papel
25 x 33 cm

tos se converten en feitos consumados. A Arte é Universal e é labor dos distintos sistemas da arte, como esta institución, ser a canle que lle dá visibilidade, cumprindo cun fin social e permitindo, deste xeito, que esta exposición temporal se abra ao ollo libre do espectador, comezando así un dos aspectos máis ricos da obra de arte: o seu carácter poliédrico a través de trazos estilísticos e temáticos que a definen. Os nosos agradecementos, por tanto, aos or-

ganizadores e colaboradores de **Vestixios**, coa que a artista retoma o traballo da súa última exposición *Espazos interpretados*, que tanto éxito lle proporcionou e que foi o preámbulo desta colección que poderemos ver ata finais de maio no emblemático Edificio Simeón, na Cidade das Burgas.

CRISTINA CARBALLO PENELAS
Historiadora de Arte. Comisaria de exposicións